



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA

Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería
de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Edificio Administrativo Monelos
Rúa Vicente Ferrer, nº 2
15008 A CORUÑA



MONTSERRAT FRAGA PEREZ
ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON MINUSVALÍA
(AS.PA.NE.MI)
RUA MERCEDES FREIRE LAGO, 4 -BJ. PORTA F
15570-NARON

Código: A12X01941

Asunto: Resolución de inscripción de Xunta Directiva.

Con data 25/02/2020 recibíuse solicitude de inscripción da modificación da xunta directiva, formulada pola presidenta da **ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON MINUSVALÍA (AS.PA.NE.MI)**, inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 1998/005016-1^a**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 05/02/2020, na que consta a identidade dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTA	M. BELEN PEREZ FERNANDEZ
VICEPRESIDENTA	M. PILAR PARAMES CARRERA
SECRETARIO	XAIME CARTELLE PEREZ
TESOUREIRA	M ^a DEL MAR LOPEZ TEJEDOR
VOGAIS	M ^a DEL CARMEN MARTINEZ CASAS, ROBERTO LOURIDO PEREZ, MONTSERRAT FRAGA PEREZ, ENCARNACION CABANAS FERNANDEZ, EVA M. VENTOSO OCAMPO

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española reconece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, reconece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. A xefa territorial de A Coruña é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 74/2018 do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, RESOLVO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da ASOCIACIÓN DE PAIS DE NENOS CON MINUSVALÍA (AS.PA.NE.MI) de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes.

A Coruña,

A xefa territorial

María Barreiro Lázare

